



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN**  
**E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Instituto de Educación Secundaria 15027976

Poeta Añón

Rúa Poeta Añón 21, 15230 A Serra de Outes

Tfno/Fax: 981850637 Correo elec: ies.poeta.anon@edu.xunta.es



Fondo Social Europeo  
*"O FSE inviste no teu futuro"*

# PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (PXAD)

IES Poeta Añón. Serra de Outes

## INDICE

1-Xustificación baseada no contexto.

2-Identificación e valoración das necesidades.

3-Obxectivos.

4-Actuacións, medidas e/ou programas para AD.

5-Criterios para a organización e distribución dos recursos.

6-Concreción das actuacións dos diferentes profesionais en relación ás medidas establecidas.

7-Coordinación interna e con outras etapas educativas.

8-Canles de colaboración coas familias e servizos externos.

9-Protocolos para solicitude e autorización das medidas extraordinarias.

10-Seguimento, avaliación e mellora do Plan.

-ANEXOS.

## 1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

CÓDIGO	CENTRO	CONCELLO	CURSO ACADÉMICO
15027976	IES Poeta Añón	Outes	2012/2013

### LOCALIZACIÓN

O IES "*Poeta Añón*" está situado na rúa Poeta Añón, s/n, C.P. 15230, en Serra de Outes, concello de Outes, A Coruña. Comezou a funcionar no curso 1998-99 compartindo as instalacións co CEIP de A Serra de Outes. En xaneiro de 1999 trasládase ao actual edificio que foi inaugurado o 11 de marzo de 1999.

### OFERTA EDUCATIVA . PROGRAMAS, PLANS E PROXECTOS

-Educación Secundaria Obrigatoria.(ESO).

- Dúas liñas de 1º a 4º da ESO.

-Programas de Cualificación Profesional Inicial. (PCPI)

- 1º e 2º. Modalidade C Mixta.

-Educación Persoas Adultas (EPA).

- Módulos III e IV.

O Centro conta con Plan TIC e Abalar (1º e 2º ESO), Plan de mellora de Bibliotecas Escolares ( con dous clubs de lectura), Normalización lingüística ( Proxecto Outear), Oceántica, Proxecto sociolingüístico, Plan lector, Plan de convivencia.

### CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

O centro ten actualmente unha matrícula aproximada de 200 alumnos entre ESA, PCPI e EPA. Principalmente o alumnado de ESO procede do *CEIP Serra de Outes* e o *CEIP Emilio Navasqües* ( Cruceiro de Roo).

O alumnado de PCPI vén do propio centro ou de localidades como Noia, Lousame principalmente.

O alumnado de EPA é principalmente alumnado do centro que non remata a ESO por vía ordinaria ou adultos que estaban desescolarizados e volven ó sistema educativo.

O alumnado procede do medio rural e é maioritariamente galego-falante. A maioría do alumnado reside en pequenas entidades de poboación con poucos compañeiros de súa idade

para relacionarse ou que supón unha dificultade non seu proceso de socialización, e non contan con acceso próximo a ofertas culturais, deportivas ou de ocio.

Destaca entre o alumnado unha expresión oral pobre ( baixo nivel de vocabulario ) que se reflicte na lingua escrita ( dificultades para organizar o discurso, vocabulario pobre...) O nivel de autonomía é baixo: dificultades para centrar a atención en actividades, dificultades de comprensión lectora, pobreza no uso de técnicas de traballo intelectual, dificultades na organización e xestión do tempo (non usan axenda de forma sistemática)... O nivel de motivación entre algún alumnado tamén parece baixo: abandono de materias, non aproveitar o reforzo educativo, falta de iniciativa para recuperar as materias pendentes ....

Cabe salientar nalgún alumnado unha marcada actitude sexista, que se reflicte na dificultade para aceptar algunhas das actividades, diferente actitude ante profesores -profesoras, a participación nas clases ...

#### CARACTERÍSTICAS DAS FAMILIAS

O perfil socioeconómico das familias reflicte un nivel económico medio -baixo ( principalmente traballan en actividades agropecuarias, marisqueo e pesca de baixura ...). En canto a produción industrial desenvólvese fundamentalmente en torno a catro sectores: serradoiros, estaleiros, formigóns e construción. Actualmente unha elevada porcentaxe de pais e/ou nais están en situación de desemprego . O nivel sociocultural é baixo. Actualmente un número importante de familias teñen algún proxenitor en situación de desemprego.

Non existe Asociación de Pais e Nais (ANPA) e o nivel de participación das familias nas actividades do centro é baixa.

#### CARACTERÍSTICAS DO PROFESORADO

A maioría do profesorado é definitivo no Centro, o que facilita a continuidade de actuacións que se levan a cabo no centro.

O Claustro está formado por 29 profesores/as, contando con unha profesora especialista de pedagogía terapéutica. Cada curso académico é necesario solicitar un profesor de apoio dadas as dificultades do alumnado.

## 2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES.

- Falta de hábito de estudo diario en parte do alumnado e desmotivación, o que se reflicte en baixos resultados académicos.
- Dificultades do alumnado para manter a atención e ter autonomía no traballo, especialmente en 1º e 2º ESO.
- Dificultades por parte do profesorado para atender á diversidade na aula dende un modelo inclusivo. Falta de tempo/recursos/coordinación para atender á diversidade de alumnado de forma axeitada.
- Dificultades para traballar as competencias básicas na aula. Atendendo aos contidos e criterios de avaliación marcados nos decretos de currículo é difícil urdir estes coas competencias e respectar os tempos marcados nas programacións didácticas.
- Faltan tempos de coordinación para a posta en marcha e seguimento de medidas de atención á diversidade ( coordinación titor/a-orientadora, PT-titor/a, AL-titor/a, equipo educativo-orientadora-PT-AL ... )
- Dificultades para poñer en práctica medidas de atención á diversidade ordinarias ( metodoloxía, proxectos, aprendizaxe cooperativo ...) limitándonos ao reforzo educativo, apoio de PT e adaptación curricular.
- Dificultades para implicar ás familias no seguimento diario do estudo dos seus fillos/as. Baixas expectativas académicas por parte dalgunhas familias. Non existe ANPA no centro, o que imposibilita a posta en marcha de actividades que poderían ser de interese ( escola de pais e nais, préstamo de libros de texto ...)
- A maioría dos rapaces viven en núcleos rurais, o que dificulta o acceso á oferta cultural, deportiva e de ocio, a cal está limitada á ofertada polo Concello.

## 3. OBXECTIVOS E PRINCIPIOS DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

### PRINCIPIOS

A atención á diversidade, seguindo o Artigo 4º do Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade na C.A. de Galicia:

- Rexerase polos principios de *normalización e inclusión*; equidade e igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e

promoción da convivencia; autonomía de centro e participación de toda a comunidade educativa.

- Abrangue á *totalidade do alumnado*.
- Priorizaranse as *medidas de carácter ordinario e normalizador*. As medidas de carácter extraordinario levaranse a cabo esgotadas as anteriores.
- As *accións preventivas e a detección temperá* terán carácter prioritario.
- Será contemplada nas *decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión* do centro.

#### OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN

- Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Valorar as necesidades educativas do alumnado.
- Programar e poñer en marcha medidas de atención á diversidade.
- Asesorar ó profesorado nos procesos de desenvolvemento das concrecións curriculares (programacións, medidas de reforzo e adaptacións curriculares). Fomentar a participación do profesorado na elaboración e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Informar e orientar ás familias no proceso de ensinanza –aprendizaxe dos seus fillos/as, especialmente do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Asesorar ó equipo directivo sobre o contido do Proxecto Educativo (e os documentos que o integran) en relación ás medidas de atención á diversidade.

#### 4. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

##### MEDIDAS ORDINARIAS

#### REFORZO EDUCATIVO (RE) E APOIO DO PROFESORADO CON DISPOÑIBILIDADE HORARIA<sup>1</sup>

**Regula:** *Orde de 6 de outubro de 1995 polo que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral. (DOG 07/11/1995)/ Orde de 6 de setembro de 2007 que desenvolve a implantación da ESO*

<sup>1</sup> Circular 8/2009, que regula medidas atención á diversidade para o alumnado da ESO. Instrucción Cuarta: *Para o profesorado que non teña o seu horarios lectivo completo, a atención á diversidade será actividade prioritaria sobre calquera outra das establecidas na Orde do 17 xullo 2007, que regula a percepción da compoñente singular do complemento por función titorial e outras funcións docentes.*

**Que é?:** O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescritivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos (adecuación das Programacións Didácticas ao alumnado), ás formas e instrumentos de avaliación ( adaptación dos tempos e instrumentos/procedementos de avaliación), á organización da aula (adecuación da estrutura organizativa e xestión da aula), ós agrupamentos de alumnos (horarios, agrupamentos e espazos) e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía ( traballo colaborativo, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos..)

**A quen vai dirixido?** Alumnado que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo poden seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe. O seu desenvolvemento levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesor ou profesora do alumno que imparte a área ou materia, coa colaboración, se é o caso, doutros profesionais. Esta colaboración non poderá substituír en ningún caso a actuación habitual do profesor. Priorizarase o RE nas áreas instrumentais, lingua castelá e galega e matemáticas. Non precisan autorización. O profesor da materia debe informar ó titor/a da medida e este/a ao equipo directivo e á familia do alumno/a.

**Procedemento:** As medidas de reforzo serán elaboradas polo profesor ou profesora que imparte a área ou materia na que o alumno necesita a medida de reforzo.

**Rexistro:** No expediente académico do alumno/a, actas de avaliación, informe persoal por traslado, informe de avaliación final. Faranse constar cun comentario no informe correspondente ás familias (boletín de notas).

## DESDOBRAMENTOS

**Regula:** *Orde 6 de setembro de 2007 que regula a implantación da ESO.*

**Que é?:** Desdobrar o grupo nas materias de linguas e matemáticas, sempre que o número total de alumnado por grupo supere os 20 alumnos/as e o centro conte cos recursos necesarios (horas lectivas do profesorado).

## PROGRAMAS DE ENRIQUECEMENTO CURRICULAR

**Regula:** *Orde 28 de outubro de 1996, que regula o procedemento para flexibilizar o período de escolarización por sobredotación intelectual.*

**Qué é?:** Enriquecer os obxectivos e contidos. Ademais flexibilizar os criterios de avaliación ou metodoloxía, da que se modificará o tipo de actividades, materiais e secuencia dos contidos.

As medidas de enriquecemento facilitaran a adquisición de contidos axeitados á capacidade intelectual do alumno/a o desenvolvemento da creatividade.

**A quen vai dirixido?** Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por alta capacidade intelectual.

### **AGRUPAMENTO DE MATERIAS EN ÁMBITOS**

**Regula:** *Orde 6 de setembro de 2007 que regula a implantación da ESO.*

**Qué é?:** Unha soa persoa imparte docencia de máis dunha materia. Cada unha das materias terá o seu propio currículo e o tratamento, para efectos de avaliación, será o mesmo que cando é impartida por separado.

**A quen vai dirixido?** Poderase adoptar nos cursos de 1º e 2º ESO.

### **AULAS DE ATENCIÓN EDUCATIVA E DE CONVIVENCIA**

**Regula:** *Circular 8/2009, que regula as medidas de atención á diversidade na ESO.*

**Qué é?:** Establecidas para atender ao alumnado que, pola súa conduta disruptiva, impida o normal desenvolvemento do traballo do seu grupo-clase. O alumnado, baixo a responsabilidade do profesorado de grada, realizará tarefas específicas correspondentes ás aprendizaxes básicas do curso do que proceda.

**A quen vai dirixido?** Alumnado con conduta disruptiva. Ver Plan de Convivencia do Centro.

**Rexistro:** O profesor de garda indicaráo no libro de rexistro dispoñible en administración. Os pais, nais ou titores legais do alumnado remitido á aula deberán ser informados, segundo o procedemento que se estableza pola xefatura de estudos, cada vez que os seus fillos/as asistan á referida aula, indicándoselles a incidencia que o motivou.

### **PROGRAMAS DE HABILIDADES SOCIAIS**

**Regula:** *Circular 8/2009, que regula medidas de atención á diversidade na ESO.*

**Qué é?:** Programa de habilidades sociais para o desenvolvemento cognitivo, o autoconecemento e a mellora da autoestima.

**A quen vai dirixido?**



- A todo o alumnado ( a través do PAT)
- Ao alumnado que sexa remitido reiteradamente á aula de atención educativa e convivencia.
- Alumnado sancionado coa suspensión do dereito de asistencia ao centro.

## PROGRAMAS DE RECUPERACIÓN

**Regula:** Circular 8/2009, que regula medidas de atención á diversidade na ESO.

**Qué é?:** Traballar co alumnado os mínimos esixibles do curso correspondente para a recuperación das aprendizaxes das materias pendentes. A súa avaliación corresponderalle ao profesorado que imparta dito programa.

**A quen vai dirixido?** Alumnado que promocioe a 2º curso coas materias instrumentais superadas e con outras materias pendentes. Ademais o departamento correspondente debe contar con profesorado que non teña o seu horario lectivo completo.

O alumnado que curse os programas de recuperación de materias pendentes poderá quedar exento de cursar a materia de lingua estranxeira.

## PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS

**Regula:** Circular 8/2009, que regula medidas de atención á diversidade na ESO.

**Qué é?:** Programas orientados á superación das dificultades comunicadas polo titor do curso anterior no Informe de avaliación final e considerando a información obtida no proceso de avaliación inicial. Este programa será elaborado polo departamento da materia correspondente e deberá incluír actividades de aprendizaxe para realizar semanalmente. Deberán contemplar a posible incorporación do alumnado a un programa de reforzo de áreas instrumentais básicas ou de recuperación doutras materias ( se asiste a un programa de reforzo poderá quedar eximido do programa específico personalizado nesa materia).

**A quen vai dirixido?** Alumnado repetidor da ESO.

**Procedemento:** Correspóndelle ao profesorado que imparta cada materia facer o seguimento de cada alumno na realización das tarefas propostas polo departamento e comunicarllo ao titor/a, quen deberá facelo chegar ás familias para o seu coñecemento e colaboración.

## MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

### AGRUPAMENTOS FLEXIBLES

**Regula:** *Circular 9/1999, ditan instrucións para a atención á diversidade na ESO.*

**Qué é?:** Consisten en facer desdobramentos transitorios que permitan en determinadas áreas ( lingua e literatura, matemáticas, ciencias da natureza e ciencias sociais) constituír un grupo específico cos alumnos dos distintos grupos do mesmo nivel que precisan unha atención máis individualizada, xa que dificilmente poden seguir o ritmo de aprendizaxe na aula ordinaria con medidas de RE.

**A quen vai dirixido?** Alumnado de 1º ou 2º da ESO con atraso académico xeneralizado. Ter cursado 2º da ESO sen alcanzar os obxectivos mínimos e considerar que esta medida pode beneficiar a permanencia un ano mais. Alumnado de 3º ou 4º ESO, menor de 16 anos, e considerar esta medida máis eficaz que a incorporación a PDC.

**Procedemento:** O establecido no punto 11 da citada Circular.

---

### EXENCIÓN DE FRANCÉS

**Regula:** *Orde do 6 de setembro de 2007, que desenvolve a implantación da ESO en Galicia.*

**Que é?:** Medida extraordinaria de atención á diversidade pola que o alumnado de 1º e/ou 2º da ESO con dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe das linguas, poderá quedar exento de cursar a materia común de segunda lingua estranxeira. No seu lugar recibirá reforzo educativo en linguas.

**A quen vai dirixido?** Alumnado de 1º e/ou 2º da ESO con dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe das linguas.

**Procedemento:** Tras a avaliación inicial, naqueles casos que se detectasen dificultades, logo do informe pertinente do titor/a da etapa ou curso anterior coa colaboración do departamento de orientación.

**Rexistro:** No seu expediente académico figurará coa mención de EXENTO/A.

## **APOIO DE PROFESORES ESPECIALISTAS DE PT E AL**

**Regula:** *Orde 24 de xullo 1998, establece organización e funcionamento da orientación en Galicia.*

**Que é?** Medida extraordinaria da atención á diversidade. Apoio coa profesora especialista de Pedagogía terapéutica ou Audición e Linguaxe, dentro ou fóra da aula, principalmente para traballar a adaptación curricular do alumno/a. Precisa de informe de avaliación psicopedagóxica. A familia debe estar informada desta medida.

**A quen vai dirixido?** Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

**Procedemento:** Ver procedemento de derivación ao Departamento de Orientación.

## **ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA (ACS)**

**Regula:** *Orde de 6 outubro 1995, que regula as adaptacións do currículo.*

**Que é?:** Modificación dun ou máis elementos prescritivos do currículo ( obxectivos, contidos, criterios de avaliación), para atender as necesidades educativas dun alumno/a motivadas polas determinada dificultade persoal ou capacidade excepcional.

**A quen vai dirixido?** Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

**Procedemento:** Precisa informe de avaliación psicopedagóxica e autorización do Servizo de Inspección educativa.

**Rexistro:** No expediente académico do alumno/a, actas de avaliación, informe persoal por traslado, informe de avaliación final e boletín de notas.

## **FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN**

**Regula:** *Orde 28 outubro de 1996, regula o procedemento para flexibilizar o período de escolarización.*

**Que é?** Flexibilizar a duración do período de escolarización establecido con carácter xeral.

**A quen vai dirixido?**

- Alumnos con necesidades específicas de apoio educativo por altas capacidades: Orde 28 de outubro de 1996
- Alumnos con necesidades educativas especiais: Orde de 27 decembro de 2002.

- Alumnos con necesidades específicas de apoio educativo por incorporación tardía ao sistema educativo español: Orde 20 de febreiro de 2004.

## PROGRAMAS DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

**Regula:** Orde 30 de xullo de 2007, que regula os programas de diversificación curricular na ESO.

**Que é?:** Programas que posibilitan unha organización dos contidos, actividades e materias do currículo diferente á establecida con carácter xeral, así como unha metodoloxía específica que lle permita ao alumnado que acceda adquirir as competencias básicas, alcanzar os obxectivos xerais da etapa e, polo tanto, obter o título de graduado en ESO.

**A quen vai dirixido?** Alumnado con dificultades de aprendizaxe xeneralizadas, co cal non funcionaron outras medidas de atención á diversidade. Ver condicións de acceso no artigo 4 da citada Orde.

**Procedemento:** Artigo 9 da citada Orde.

## PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL (PCPI)

**Regula:** Orde 13 de xullo de 2011, que regulan os PCPI en Galicia.

**Que é?** Programas cunhas determinadas características de organización co fin de que o alumnado poida obter o título da ESO, e cunha marcada vocación profesional. Permiten que o alumno: acade competencias profesionais de nivel 1, acceda directamente aos ciclos formativos de grao medio (superando os módulos obrigatorios) e acade o Título da ESO (superando os módulos voluntarios).

Para o alumnado con necesidades educativas especiais poderase solicitar cursar o PCPI fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta. Tras a sesión de avaliación inicial, se se considera a medida a Dirección do Centro solicitarao ao Servizo de Inspección acompañando dun informe elaborado polo Departamento de Orientación e co titor/a, a conformidade da familia e a nova proposta de distribución horaria (fragmentación modular) ou desenvolvemento curricular de cada módulo do curso en dous anos (fragmentación temporal), así como RE ou ACS (antes dos 31 de outubro de cada curso)

**A quen vai dirixido?** Alumnado escolarizado con problemas xeneralizados de aprendizaxe, que acepte o marco escolar e valore continuar a súa formación nun ámbito profesionalizador, ou que se atope en risco de abandono escolar e alumnado desescolarizado que desexe acceder ao mercado laboral coa acreditación dunha cualificación profesional del nivel 1.

**Procedemento:** O establecido no Capítulo IV da citada Orde.

#### GRUPO DE ADQUISICIÓN DE LINGUAS

**Regula:** *Orde de 20 de febreiro de 2004, que establece medidas de atención específica para o alumnado procedente do estranxeiro.*

**Que é?** Agrupamentos flexibles que teñen por finalidade a formación inicial específica nas linguas vehiculares. Debe ser autorizada pola delegación provincial. Carácter temporal.

**A quen vai dirixido?** Alumnado procedente do estranxeiro que descoñece ámbalas dúas linguas oficiais de Galicia.

**Procedemento:** O establecido na norma.

#### GRUPO DE ADAPTACIÓN DA COMPETENCIA CURRICULAR

**Regula:** *Orde de 20 de febreiro de 2004, que establece medidas de atención específica para o alumnado procedente do estranxeiro.*

**Que é?:** Agrupamentos flexibles que teñen por finalidade, a través da atención individualizada, o progreso na competencia curricular de alumnado estranxeiro.

**A quen vai dirixido?** Alumnado procedente do estranxeiro que presente un desfase curricular de dous ou máis cursos respecto ó que lle corresponde por idade.

**Procedemento:** O establecido na norma.

### 5. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS

#### CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Na sesión de avaliación do 3º trimestre ( e na extraordinaria de setembro) recollerase información sobre o alumnado para que o xefe de estudos e a orientadora organicen as medidas de atención á diversidade para o próximo curso, as cales se deberán concretar na PXA.

Iniciado o curso, en setembro realizarase a avaliación inicial en 1º da ESO e 1º PCPI, onde se aportará información sobre o alumnado ( tanto por parte do profesorado, como coa reunión realizada cos CEIPs adscritos ou IES de procedencia.)

Informarase ás familias sobre as medidas de atención á diversidade a levar a cabo, especialmente no que se refire ás medidas extraordinarias ( apoio de PT e AL, ACI, PCPI..) nas cales a familia establecerá por escrito que foi informada .

En calquera momento do curso no proceso de avaliación continua se se advertise que un alumno/a non progresa adecuadamente, o centro tan pronto detecte as dificultades de aprendizaxe adoptará as medidas de atención á diversidade que considere axeitadas para que o alumno/a adquira as aprendizaxes necesarias para continuar o proceso educativo.

#### **CRITERIOS PARA A POSTA EN MARCHA DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

- Dirixidas a alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.
- Aplícanse esgotadas as medidas ordinarias.
- Precisan informe de avaliación psicopedagóxica e ditame de escolarización (se procede)
- Precisa autorización da dirección, servizo de inspección, xefatura territorial ou dirección xeral ( en función do tipo de medida).

#### **CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DOS APOIOS DE PT E AL:**

- Maior número de horas para o alumnado con maior número de áreas adaptadas con ACS.
- Na medida do posible, establécense as horas de apoio comezando sempre polas horas das Linguas e Matemáticas. Logo distribúese o apoio noutras áreas
- Intentarase non sacar da aula ó alumno/a sempre na mesma área.
- O alumnado de necesidades específicas de apoio educativo de 1º e 2º da ESO non sairá a apoio nas sesións de Reforzo Educativo (exención de francés)
- Traballar aspectos que recolle a ACS.
- Empregarase a sesión de apoio para explicacións, resolución de dúbidas e realización de exercicios. (Non para facer deberes)
- Control diario da axenda.
- Exames: os exames do alumnado de neae serán realizados conxuntamente entre o profesor de área e a profesora de PT/AL.
- Adaptarase a metodoloxía de traballo a cada alumno/a priorizando o dotar ó alumno/a de estratexias para o desenvolvemento do traballo autónomo.

- Os materiais a traballar nos apoios de PT/AL seleccionaranos o titor/a e a PT/AL a inicio de curso e iranse axustando en función das necesidades do alumnado.

## 6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS

### 1º TRIMESTRE

ACTUACIÓNS	RESPONSABLES
<p>Avaliación inicial:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>*Recollida de información: expediente, informe de avaliación final,</li> <li>* Aplicación de probas, recollida de información de expediente, informe de avaliación individualizado, informe persoal por traslado ...</li> <li>*Reunión de avaliación inicial: intercambio de información e toma de decisións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Equipo directivo</li> <li>-Equipo docente de 1º ESO, coordinado polo titor/a.</li> <li>-Equipo docente 1º PCPI, coordinado polo titor/a.</li> <li>-Orientadora.</li> <li>-Profesores PT/AL</li> </ul>
- Organizar a posta en marcha de medidas organizativas de atención á diversidade: tipo de medida, distribución horaria, criterios para a asignación de alumnado, metodoloxía, avaliación. Concretar na PXA.	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Equipo directivo</li> <li>-Orientadora</li> <li>-Profesores PT/AL</li> </ul>
-Adaptacións das programacións ao alumnado, concreción na PXA.	-Departamentos didácticos.
-Organización do Reforzo Educativo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Equipo directivo</li> <li>-Profesores de área.</li> <li>-Orientadora.</li> </ul>
-Reunión inicial titores- orientadora- xefatura de estudos para informar do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo da súa tutoría. Toma de decisión e seguimento.	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Xefe de estudos</li> <li>-Orientadora</li> <li>-Profesores PT/AL</li> </ul>
Coordinación da optatividade da 1º ESO e 2º ESO: Francés / RE.	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Equipo Directivo</li> <li>-Orientadora.</li> </ul>
-Elaborar horario da aula de apoio coa profesora de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Profesores PT/AL</li> <li>-Orientadora</li> </ul>
-Planificación e desenvolvemento do Programa de recuperación de pendentés.	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Departamentos didácticos</li> <li>-Xefe de estudos</li> <li>-Orientadora</li> <li>-Profesores PT/AL (para acneaes)</li> </ul>
-Entregar ao alumnado unha axenda escolar para mellorar a organización do estudo e a coordinación coa familia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Titores.</li> <li>-Equipo directivo.</li> </ul>
-Reunión inicial coas familias(titorías)	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Titores.</li> <li>-Xefatura de Estudos.</li> <li>-Orientadora.</li> </ul>
- Elaborar/revisar as ACS en outubro.	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Profesora PT/ AL.</li> <li>-Profesores de área</li> <li>-Orientadora</li> </ul>

-Reunións individuais coas familias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo: información das medidas de atención á diversidade, horario de apoio, rexistro das ACIS no Boletín de notas, entrevista inicial.	-Profesores PT/AL -Orientadora -Titores
- Elaboración/ Revisión de informes de avaliación psicopedagóxica.	-Orientadora.
-Realización dos Ditames de Escolarización que procedan.	-Orientadora
-Asesoramento para a correcta definición dos alumnos de necesidades específicas de apoio educativo na aplicación <i>drdadi</i> .	-Orientadora -Equipo directivo
- Realizar as avaliacións do alumnado derivado ó Departamento de Orientación para detectar e valorar ó alumnado con dificultades educativas e propoñer a resposta máis axeitada en coordinación co tutor/a, realizando o correspondente seguimento.	-Orientadora
-Reunión coa educadora de familia do Concello de Outes para o seguimento de alumnado en situación de risco social.	-Orientadora. -Xefe de estudos. -Titores.
-Coordinación coa coidadora	-Coidadora -Xefe de Estudos -Orientadora
-Elaborar proposta de alumnado para as clases de apoio do Concello de Outes (apoyo escolar tres días á semana)	-Titores -Orientadora -Coordinadora do Concello.

## 2º TRIMESTRE

ACTUACIÓNS	RESPONSABLES
-Seguimentos das medidas iniciadas no 1º trimestre	En función da medida.
-Posta en marcha das medidas acordadas na xunta de avaliación	En función da medida.
-CCP: Análise dos resultados académicos do 1º trimestre e propostas de mellora.	- Equipo directivo. -Xefes de departamento.
-Informar e orientar ao alumnado no proceso de ensino –aprendizaxe: probas de acceso a grao medio, preinscripción no bacharelato, información sobre PCPI, EPA, acreditación de competencias profesionais, probas para a obtención de títulos de grao medio ...	- Equipo directivo. -Titores. -Orientadora.

## 3º TRIMESTRE

ACTUACIÓNS	RESPONSABLES
-Seguimentos das medidas levadas a cabo no 2º trimestre	En función da medida.
-Posta en marcha das medidas acordadas na xunta de avaliación	En función da medida.



-CCP: Análise dos resultados académicos do 2º trimestre e propostas de mellora.	- Equipo directivo. -Xefes de departamento.
-Actividades cos CEIPs adscritos para mellorar a transición entre etapas educativas: visita ao IES do alumnado de 6º de Primaria ,Xornada de Portas Abertas para as familias, recollida de información do alumando de 6º.	-Equipos directivos do CEIPs. -Titores de 6ºPrimaria. -Orientadoras dos CEIPs e IES.
-Elaborar os informes de avaliación individualizados.	-Titor/a.
-Elaborar os informes individualizados para o alumnado que accede a PCPI.	-Titor/a.
-Elaboración da memoria final de Centro na que se recollan as propostas de mellora para o seguinte curso en relación á atención á diversidade.	-Departamentos didácticos. -Departamento de Orientación. -Equipo directivo.

## 7. COORDINACIÓN INTERNA E CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS

- Xunta de avaliación inicial ( 1º ESO e 1º PCPI) e xuntas de avaliación trimestrais.
- Reunión semanal do departamento de orientación: información xeral, toma de decisións e seguimento do alumnado.
- Reunión semanal orientadora/ profesora de PT/ profesor de AL para o seguimento dos acneaes, principalmente dos que teñen adaptación curricular.
- Reunión mensual dos departamentos didácticos: seguimento do alumnado.
- Reunión cos CEIPS adscritos (CEIP Serra de Outes e CEIP Emilio Navasqües) para o intercambio de información de alumnado de 6º de Primaria que se incorpora a 1º ESO.
- Reunións co IES Campo de San Alberto para facilitar transicións entre Etapas ( acceso a Bacharelato e CF de Grao Medio). Información ao alumando.

## 8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E SERVIZOS EXTERNOS

### CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS

- Reunión inicial do titor/a coas familias.

- Reunión inicial orientadora/PT/AL coas familias de acneaes para informar dos horarios de apoio, adaptacións curriculares, proceso de ensino-aprendizaxe.
- Reunións periódicas durante o curso entre titor/a e familias, para o seguimento do alumnado.
- A través das notificacións na axenda escolar.
- Participación das familias en diversas actividades do centro: información para facilitar a transición entre etapas educativas (xornadas de portas abertas para o alumando que se incorpora dende E. Primaria, información académica sobre os itinerarios tras rematar a ESO), información sobre a optatividade na ESO...

#### COORDINACIÓN CON SERVIZOS EXTERNOS

- Reunións periódicas coa educadora de familia do Concello para o seguimento de alumnado en risco social e para a posta en marcha de programas (Xornadas de información académica e laboral).
- Reunións periódicas coa profesora de apoio do Concello para o seguimento de alumnado derivado.
- Intercambio de información coa Unidade de Saude Mental Infanto-Xuvenil do CHUS (a través de informes) para o alumnado derivado. Con autorización previa da familia.
- Intercambio de información con institucións externas que traballen co alumnado: STAND de Noia (previa autorización da familia)
- Coordinación co CIM de Outes.
- Coordinación cos institucións externas para a posta en marcha de Programas: Quérote +(Plan Proxecta), Cruz Vermella, Oficina Municipal de Información Xuvenil de Outes, USC (Programa a Ponte co Ensino medio ...)

### 9. PROTOCOLOS PARA SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

#### PROTOCOLO DE DERIVACIÓN

- |   |
|---|
| <b>1º.</b> O titor/a ou profesor/a de materia detecta necesidades educativas nun alumno/a   |
| <b>2º.</b> A persoa que detecta as necesidades fai unha primeira valoración do alumno/a no contexto de ensinanza aprendizaxe ( observación na aula, análise de tarefas ...) |
| <b>3º.</b> Pon en marcha de medidas ordinarias: metodoloxía, reforzo educativo, contrato de conduta, control do estudo ...  |

***As medidas adoptadas resolven as dificultades?***

**SI:** O alumno/a pode seguir a programación de aula coas medidas ordinarias.

**NON:** Derivar ao departamento de orientación para a avaliación psicopedagóxica.

**4º.** O titor/a entrega a Folla de Derivación ao xefe de estudos, quen lla entregará á Orientadora.

**5º.** Avaliación psicopedagóxica:

-Entrevista familiar (autorización e recollida de información): titor/a e orientadora.

-Valoración do nivel de competencia curricular do alumno/a: profesores de área.

-Valoración do estilo de aprendizaxe: titor/a.

- Avaliación xeral do alumno/a (probas, observación, traballo na aula...): Orientadora

***O alumno/a presenta necesidades específicas de apoio educativo?***

**NON:**

- Medidas ordinarias de atención á diversidade: *Titor-a/ profesores-as de área/Orientadora.*

**SI:**

- Informe de avaliación psicopedagóxica ( + ditame de escolarización se ACNEE): *Orientadora.*
- Medidas extraordinarias de atención á diversidade ( apoio de PT/AL, ACS...) : *orientadora/ profesores-as de área/ profesores de PT e AL.*
- Informar á familia e solicitar autorizacións (familia, SIE): *Titor/a, orientadora.*

DOCUMENTOS

**AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA**

- Folla de derivación. ANEXO I.
- Autorización da familia para a realización da avaliación psicopedagóxica ou aplicación de probas. ANEXO II.
- Modelo de informe de avaliación psicopedagóxica. ANEXO III
- Modelo de Ditame de Escolarización. ANEXO IV

**APOIO DE PROFESOR DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E AUDIÇÃO E LINGUAXE**

- Autorización da familia para a atención de PT-AL. ANEXO V
- Modelo de seguimento PT e AL. ANEXO VI

**ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA (ACS)**

<ul style="list-style-type: none"> <li>- Modelo de acta de reunión para a elaboración das ACS. ANEXO VII</li> <li>- Modelo de ACS. ANEXO VIII</li> <li>- Modelo de información ás familias. ANEXO IX</li> </ul>
<b>PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL (PCPI)</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Informe individualizado do titor/a. ANEXO X</li> <li>- Modelo de informe de avaliación psicopedagóxica para a incorporación a PCPI. ANEXO XI</li> <li>- Modelo de información á familia. ANEXO XII</li> </ul>
<b>OUTRAS INSTITUCIÓN</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Modelo de derivación para clases de apoio do Concello. ANEXO XIII</li> <li>- Autorización da familia para intercambio de información con outras institucións. ANEXO XIV.</li> </ul>

## 10. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

**Avaliación Inicial:** O Plan xeral de atención á diversidade concretarase anualmente na Programación Xeral Anual, en base á información e propostas recollidas no curso anterior.

**Avaliación continua:** Durante o curso académico iranse introducindo aquelas modificacións que se consideren necesarias para mellorar a eficacia do Plan.

**Avaliación final:** Ao rematar o curso académico, recollerase a información aportada polas xuntas de avaliación, as actas das reunións de Departamento de Orientación e outros órganos de centro... e plasmarase na Memoria do Departamento de Orientación, que forma parte da Memoria anual do Centro.

O equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do PXAD, segundo se recolle no punto 3 do artigo 14 do Decreto 229/2011.